


IV-Xornadas

Mar de Marín



Dedicadas os Museos do Mar
e ós Centros de Interpretación Mariñeira



Do 6 ó 29 de setembro de 2013

LIMIAR

As Xornadas do Mar de Marín, se crean a raíz do impulso que o Padroado de Mareantes San Miguel, realizou para declarar de Interese Turístico Galego a Danza de Espadas de Marín e acercar así, a Cultura do Mar ós cidadáns.

Estas IV Xornadas está dedicadas, ós Museos do Mar, que son o mellor soporte para a conservación, promoción e divulgación da Cultura do Mar, da Cultura Mariñeira.

Galicia crece dende o mar, os mariñeiros galegos están presentes en todos os mares do mundo, xa sexa na pesca, na mercante, en submarinos, en destrutores, en plataformas, ... sempre atoparemos un galego, un mariñeiro.

O Museo do Mar de Galicia, o Museo Maso de Bueu, nacen a carón do mar, ocupando o espazo de antigas fábricas, gardando entre os seus muros gran parte da historia marítima do noso mar. Artes de pesca, instrumentos de navegación, embarcacións, maquinaria industrial, especies mariñas e sobre todo a presenza viva, de todos aqueles que fixeron do mar a súa forma de vida e que nos mostran o rumbo que debemos tomar, para facer un mar sostible, un mar onde as novas xeracións atopen o seu medio de vida.

¡Sí!.. os museos do mar non son unha ferramenta, senón mais ben unha máquina do tempo, que alimentada coa experiencia, co devir dos acontecementos mariños, produce unha enerxía que engadida ó presente, proxecta un futuro máis axeitado, a todas aquelas sociedades que os teñen presentes nos seus programas de ruta.

Os Centros de Interpretación Mariñeira, pensamos que poden ser necesarios para explicar situacións locais e acercar ós cidadáns as raíces, do seu nacemento e desenvolvemento como individuos, como sociedade do mar que somos.

Para o Ateneo Santa Cecilia e unha honra poder dedicar estas IV-Xornadas os Museos e as xentes que desenvolven o traballo para mantelos abertos, dinamizando os seus contidos para que nunca esquezamos, que a nosa riqueza ven do mar, pero tamén as nosas bagoas.

Non queremos esquecer nosas Xornadas, da xente, das familias que perderon un ser querido no mar, eles son os principais protagonistas da Cultura do Mar, xa que forxaron co as suas vidas o carácter dos homes e mulleres mariños/as o todos eles/as o noso maior recoñecemento.

Como Presidente

Manuel Rodríguez Iglesias

PROGRAMA

I-Semana. - Os museos do Mar e os Centros de Interpretación Mariñeira.

- Venres 6 **Exposición de Mariñas** . Inauguración 20.30h. Ateneo Santa Cecilia.
Expoñen os Pintores.- Xavier Castro, Manuel Cerviño, Tato Heredia,
Carmen Hermo, Henrique Prado e Antón Sobral.
- Luns 9 **Encontro Inmemoriam. Juan Valverde G.** 20.h Ateneo Santa Cecilia.
- Xoves 12 **O Museo do Mar de Bueu** . 20.00h Ateneo Santa Cecilia
Visión e Misión os Museos do Mar.
Directora. Dna. Covadonga López de Prado Nistal.
- Domingo 15 **Encontro de Bandas.** 18.30h Alameda de Marín. Multiusos.
B. Ateneo Santa Cecilia de Marín.
Banda Musica Bueu -Banda Musica de Coruxo

II-Semana .- A Nosa Ria

- Luns 16 **Mesa redonda. Os Grupos de Acción Costeira.** 20.h Ateneo Sta.Cecilia
GAC Ría de Vigo -Aguarda. Xerente. Dna Elena Herbello
GAC Ria de Pontevedra. Xerente. Dna. Laura Nieto.
- Mercores 18 **O Futuro do Turismo Nautico na ría.**20.h Real Club Mar de Aguete.
Turismo Galicia. Xefe de area, exposicións e congresos.
Dn. José Ramón Castiñeiras.
Turismo Rías Baixas Xerente Dna. Ruth Gonzalez
R.C.N Sanxenxo D. Roi Álvarez Pérez. Xerente
C.N Portonovo.D. Javier Ruiz de Cortázar.

III-Semana

A Cultura do Mar

- Domingo 22 **Xuntanza de Embarcacións Tradicionais** .Asociación Ronsel
Placa conmemorativa. Marbel, Montrove ... falecidos no mar
Saidas en embarcacións tradicionais, grupos reducidos
No porto de Aguete a partires das 11.00h
- Do 23 o 27 **II-Semana de Astronomía Escola Naval Militar.**
Inscripcións Ateneo Santa Cecilia. De 9 a 13h e de 18 a 21.00h. o
Asociación Chirleu Seixo.
- Mércores 25 **Mesa Redonda. Estratexias para a conservación da Cultura Mariñeira**
D.Victor Fernández Presidente F. Galega de Cultural Marítimo Fluvial.
Representante de Portos de Galicia
Presidente do Asociación Ronsel. Antón Pousada
Lugar Ateneo Santa Cecilia Club Unesco. 20.00h
- Venres 27 **Saidas en embarcacións a motor, pesca deportiva.** Asociación Tenlo
Inscripcións Ateneo Santa Cecilia, grupos pequenos.

IV- Xornadas. “Mar de Marín”

IV Semana.- Celebración Día Marítimo Internacional.

Venres – 27 **Mesa Redonda.** Ateneo Santa Cecilia. 20.00h
Presente e Futuro da Nosa Ría.
Instituto Oceanográfico Vigo
Dna. Victoria Besada Montenegro. Investigadora
D. José Manuel Cabanas López. Investigador



Domingo 29

Padroado San Miguel.

Actos conmemorativos
celebración do San Miguel
Patrono dos mareantes

- 10.30** **Salón de plenos do concello**
Acto Solemne de imposición das medallas ós cofrades
nomeamento e entrega de distincións.
- 12.00h** **Misa Solemne** ó noso excelso patrono San Miguel.
- 13.00** Saída da tradicional procesión coa súa **“Danza de Espadas”**
portando a imaxe 8 cofrades do padroado.
- 14.30** Xantar de Cofrades e Autoridades

Entidades

- Grupo Cultural Ronsel
- Real Club de Mar de Aguete
- Chirleu
- Tenlo

Institucións Colaboradoras

- Concello de Marín
- Escuela Naval Militar
- Distrito Marítimo Marín
- Autoridade Portuaria